Servizo de Orientación Laboral

DOWN Galicia



Imaxinas que tod@s tivésemos as mesmas oportunidades?

Tres tipos de orientación para tres tipos de situacións

Habilidades sociolaborais

Demanda de emprego

Mantemento de emprego

Lectura Fácil

DEMANDANTES DE HABILIDADES SOCIOLABORAIS

As **habilidades sociais** son o conxunto de comportamentos que nos permiten relacionarnos cos demais.

As **habilidades laborais** son a capacidade para realizar unha tarefa dun traballo.

Se precisas formación ou mellorar as túas habilidades sociolaborais, ofrecémosche a través de sesións individuais e en grupo:

• Formación en habilidades sociais:

- Adquisición e adestramento en bos hábitos
- Manexo das emocións
- Mellora da autoestima
- Responsabilidade
- Compañeirismo
- Resolución de conflitos

• Coñecemento dos datos persoais e manexo da documentación básica

• Motivación e autocoñecemento



DEMANDANTES DE EMPREGO

Se estás na procura de formación, emprego ou precisas apoio para facelo dun xeito eficaz, ofrecémosche a través de sesións individuais e en grupo:

• Formación e apoio para facer unha busca activa de emprego:

- Coñecemento dos perfís profesionais
- Autocoñecemento
- Elaboración de CV
- Busca de ofertas axeitadas
- Preparación da entrevista

• Acceso a formación como cursos, programas e obradoiros (AFD, Lanzadeiras, Obradoiros de Emprego)

• Información sobre ofertas de emprego público e privado

• Información sobre Competencias Clave, Certificados de Profesionalidade, Celga...

• Información sobre prestacións



DEMANDANTES DE MELLORA DE EMPREGO

Se tes emprego e queres mellorar no teu ámbito laboral ou buscar outro que che satisfaga máis, ofrecémosche a través de sesións individuais e en grupo:

• Formación e apoio sobre ámbito laboral:

- Coñecemento do ámbito laboral (o posto, a empresa, as funcións...)
- Coñecemento e manexo de documentación (contratos, nóminas...)
- Mellora de habilidades sociolaborais (puntualidade, responsabilidade...)

• Información sobre Certificados de Profesionalidade, Cualificación, Competencias Clave, Celga, Convocatorias de oposicións e cursos para empregados

• Motivación e orientación para manter o posto de traballo ou mellorar a situación laboral



O Servizo de Orientación de Down Galicia é público e gratuíto!

A quen vai dirixido?

A maiores de 16 anos coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais inscritos como demandantes no Servizo Público de Emprego.

Que ofrecemos?

- Atención directa: información, asesoramento e orientación individualizada
- Sesións grupais de orientación laboral
- Información e apoio para a procura de emprego e formación
- Apoio para o mantemento de emprego
- Procura de empresas coas que colaborar
- Atención e intervención coas familias

Que pretendemos?

- Formar e orientar sobre habilidades sociais e laborais
- Facilitar o acceso aos recursos públicos de formación, cualificación profesional e busca de emprego
- Facilitar a inclusión social e laboral das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais
- Aumentar as oportunidades de mellora profesional das persoas en activo

XUNTA DE GALICIA

ORIENTACIÓN LABORAL

MINISTERIO DE TRABAJO Y ECONOMÍA SOCIAL · SEPE

Pregunta pola túa orientadora laboral!

- **Zona de Santiago, A Coruña e Ferrol**
981 56 34 34
orientacion.laboral.compostela@downgalicia.org

- **Zona de Vigo e Pontevedra**
986 20 16 56
orientacion.laboral.vigo@downgalicia.org

- **Provincia de Ourense**
988 37 03 13
orientacion.ourense@downgalicia.org

- **Provincia de Lugo**
982 24 09 21
orientacion.lugo@downgalicia.org

Puntos de información e atención en toda a nosa xeografía de maneira pública e gratuita:



Información: downgalicia.org